

A ONOMÁSTICA PERSOAL NA LÍRICA MEDIEVAL GALEGO-PORTUGUESA

Déborab González Martínez

Universidade de Santiago de Compostela

O obxectivo deste estudo é amosar unha visión xeral da antroponimia incluída na lírica medieval galego-portuguesa¹. Así pois, o noso *corpus* forma parte da produción literaria confeccionada durante as primeiras manifestacións gráficas da lingua galega; teremos en consideración tanto a lírica relixiosa, as *Cantigas de Santa María* de Afonso X, como a lírica profana nas súas diversas modalidades xenéricas (aínda que, como é fácil de intuír, e como os datos confirman, os rexistros onomásticos varían notablemente duns xéneros a outros).

Para unha mellor descrición dos nomes, apelidos e alcumes recollidos no ámbito da lírica profana, contaremos co testemuño que ofrecen os tres códices transmisores do conxunto das cantigas hoxe conservadas, e non nos limitaremos ao *Cancioneiro da Ajuda* (representado pola sigla *A*)², o único cancionero realizado durante a época trobadoresca. Este códice confeccionado a finais do século XIII ou principios do XIV, inacabado e anónimo³, restrinxe en exceso a representación onomástica; débese isto, principalmente, a que é unha colección de *cantigas de amor*, nas que prima o tópico xenérico do segredo amoroso⁴ que, segundo Tavani, estaba destinado «non xa a salvagarda-la intimidade dos amantes de entremetementos alleos e a asegura-la

1. Este traballo debe entenderse unicamente como unha panorámica que advirta ao lector da diversidade e riqueza onomástica presente nas cantigas medievais galego-portuguesas; non debe buscarse aquí, pois, a análise detallada de cada unha das formas rexistradas no *corpus*, cousa que excedería con moito os obxectivos marcados nun traballo destas características.
2. Para máis información sobre este códice remitimos a Ramos 1993: 115-117; Ramos 1994: 27-47; Brea 2004, 2005.
3. De aí que os primeiros estudosos pensasen nun autor único. Para máis información, Michaëls de Vasconcelos (1990 [1904]: D).
4. Isto explica que os nomes persoais documentados en *A* se limiten a: *Maria, Sancha, Joana, Dona Constança, Guiomar Afonso / Guiomar Afonso Gata, Dona Elvira, Paay Moniz, Martin Sira, Mayor Gil, Joan Garcia, Joan Coelbo*, e o haxiónimo *Santa Maria*.

supervivencia do sentimento, senón máis ben a protexer un deles do resentimento do outro» (Tavani 1991: 121).

Por isto, incluiremos tamén na nosa análise o material onomástico localizado no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* e no *Cancioneiro da Biblioteca da Vaticana* (recoñecidos polas siglas *B* e *V* respectivamente); estes códices foron confeccionados arredor de 1525-1526 en Italia, grazas á orde e supervisión do humanista Angelo Colocci⁵; daquela, debemos ter presente que a cronoloxía e a xeografía⁶ de realización repercute nos hábitos gráficos dos diferentes cancioneros e en certas particularidades lingüísticas:

[...] a maior parte da poesía lírica do occidente peninsular chegou ata nós a través de intermediarios que non eran galegos: exceptuando as 310 cantigas do *Cancioneiro da Ajuda*, case todas de amor, e as sete cantigas de amigo de Martin Codax do pergamiño Vindel, todas as outras pasaron pola peneira dunha transcripción portuguesa que debe ter obrado unha adaptación non soamente gráfica, senón tamén lingüística, coa substitución, nos textos de autores galegos, de palabras arcaicas ou xenuinamente galegas por lusismos e neoloxismos (Tavani 2005: 185).

Por outra parte, os códices italianos permiten ter presentes os nomes e sobrenomes documentados nalgunhas *cantigas de amigo* e de *amor* e, fundamentalmente, nas *cantigas de escarnio*, pois estas, como explica António Pereira (autor dunha tese sobre a antroponimia no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*), son as que

[...] ao exhibirem um estilo rude mas sincero, recorrem a un vocabulário variegado e policromo [...] ao fazer do Homem medieval o seu sujeito e objecto, as «cantigas d'escarnho e de maldizer» conferem aos elementos antroponímicos que o designam (nomes de baptismo, patronímicos, alcunhas...) um papel primordial na tecitura poética (Pereira 2003: 259-260),

configurándose como un «viveiro onomástico» (Pereira 2003: 259). Pero estes cancioneros non só permiten isto, senón tamén incorporar ao estudo ono-

5. Sobre a cronoloxía dos cancioneros e as fases da súa elaboración, véxase Oliveira (1994); sobre os cancioneros *B* e *V*, Ferrari 1979, 1993a, 1993b.
6. O cancionero *A* foi elaborado, probablemente, na corte castelá durante o reinado de Afonso X; como outros códices do seu *scriptorium*, presenta certas características propias deste, por exemplo, os dígrafos *nn* e *ll* para a representación das palatais (Arbor 2005: 91); por outro lado, o antecedente de *B* e *V* debeu ser confeccionado no norte ou centro de Portugal, arredor de 1350 (Oliveira 1994), con outras particularidades lingüísticas diferenciadas, como poden ser os dígrafos *nb* e *lb* no plano gráfico.

mástico as rúbricas explicativas⁷, aquelas que aclaran ou xustifican a confección dunha composición dada. Por se referiren directamente ao contexto ou a calquera outro aspecto das propias composicións, os nomes rexistrados nelas serán tidos en consideración xunto aos que se localizan no interior das cantigas⁸.

Para a constitución deste *corpus* empregamos como fonte o *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG)⁹, que nos facilitou o rexistro da información onomástica capturada nos versos das cobras e nas rúbricas explicativas. Non obstante, debemos aclarar que a obtención dos antropónimos mediante esta ferramenta implica a terse ás edicións que foron incorporadas ao TMILG e aceptar gran diversidade de criterios editoriais. Por isto, non cremos oportuno deternos no plano gráfico (cosa que só nos parecería conveniente se estivésemos traballando directamente con edicións facsimilares ou, no seu defecto, con transcripcións paleográficas). Malia isto, decidimos presentar en rexistros independentes as diferentes formas gráficas dun mesmo nome, así como a variación nunha referencia por acompañarse de sobrenome(s). Por outra banda, neste estudo panorámico teremos en conta que hai diferenzas debidas á existencia de denominacións aplicadas a persoas reais, localizadas historicamente, e os personaxes que foron creados e / ou empregados na ficción literaria.

Operando mediante estes criterios, obtemos unha relación de, aproximadamente, 800 cadeas onomásticas. Entre estes rexistros figuran nomes simples fronte a outros compostos por dous ou máis elementos; por outra parte, poderemos facer unha clasificación segundo a súa orixe (introducidos pola influencia relixiosa, literaria, de procedencia xermana, árabe).. e segundo a súa tipoloxía (distínguense nomes de pía, alcumes, sobrenomes detoponímicos e patronímicos).

1. NOMES VINCULADOS AO CRISTIANISMO

O cristianismo será un factor importantísimo para a difusión, aceptación e inclusión de elementos onomásticos novos. As *Sagradas Escrituras* deixan

7. Para máis información sobre as rúbricas explicativas e a súa edición crítica, consúltese Lagares (2000).
8. Por outra parte, as rúbricas atributivas, aquelas que indican a autoría dunha serie de cantigas, permitirían estudar os nomes dos trobadores. Non nos ocuparemos aquí destas rúbricas, fundamentalmente pola súa complexidade, que as fai merecentes dunha análise pormenorizada que iría moito máis alá dos lindes marcados para o noso traballo. Para consultar a edición crítica xunto a unha descrición detallada, véxase Gonçalves (1976).
9. O noso agradecemento pola súa colaboración neste proceso ao profesor Xavier Varela.

a súa pegada no elenco de nomes cos que traballamos, e de aí que moitos sexan de orixe hebrea ou grega; a maior parte deles foron adoptados polo latín, repercutindo na súa frecuencia de uso e na distribución xeográfica. Certos antropónimos latinos e gregos puideron, á súa vez, verse potenciados pola febre cristiá, especialmente cando os seus posuidores eran santos, mártires, papas, etc.

Na lírica galego-portuguesa rexistramos numerosos casos de antropónimos vinculados e difundidos pola relixión que son aplicados a persoas históricas, moitas delas localizables no período medieval (excluimos aquí as mencións aos propios personaxes bíblicos e os haxiónimos, que serán vistos nos apartados sucesivos). Destacamos como femininos máis frecuentes *Maria*, *Marinba*¹⁰, *Maior* / *Mayor* / *Mor*¹¹, e entre os masculinos *Pero* / *Pedro* e *Joban* / *Joan* / *Jobam* / *Joam* / *Jobanne*. Outros nomes presentes no *corpus* reafirmados pola relixión son: *Abel*, *don Adan*, *El Cond'Abrañ*, *Alexi*, *mestr'Andreu*, *Bartolomeu*, *Basilo*, *Beeito*, *Beatrix* / *Beatriz*¹², *Bonifaz*, *Costantin* / *Costantin*, *o papa Cremente*, *Cayphas*, *Cesar*, *Denis* (do francés *Denis*, a partir do latín *DIONISIUS*), *Domingos* e *Domingas*, *Estevan*, *Fagundo*, *Fiiz*, *Jacobe*, *Jeronim*, *Joana* / *Johanna*, *Don Josep*, *Jorge* / *Gorge*, *Juyão*, *o papa Leon*, *Lourenço* / *Lourenzo*, *Luzia*, *Martin*, *Miguel*, *Octavian*, *Palaio* / *Paio* / *Paay* / *Pae*, *Pera*, *Rachel*, *Samuel*, *Sancho* e *Sancha*, *Simon*, *Tareiija*, *Theophilo*, *Tome*, *Macia*¹³, *Manuel*, *Mateu* / *Mateus* / *Matheu* / *Matheus*, *Vicente*, *Vidal*.

1.1. Nomes de personaxes bíblicos

A maior parte dos nomes rexistrados na obra de Afonso X son haxiónimos (que se explicarán no seguinte apartado) ou antropónimos que fan referencia aos individuos das *Sagradas Escrituras*: *Adan*, *Anania* / *Ananias*, *Anna*, *Azari* / *Azarias*, *Cherubin*, *Daniel*, *rei Davi*, *Elisabeth*, *Emanuel* / *He-*

10. «MARIÑO, MARIÑA: Do nome latino *MARINUS* / *MARINA*, que puidera ser derivado de *MARIUS*, ou proceder do adxectivo latino *MARINUS*, -A, -UM “mariño”, “que vén do mar”, “que vive no mar”. Na Idade Media era un nome feminino moi frecuente» (Ferro 1992: 365). Tamén ten sido considerado como un hipocóristico de *María*, dado que a forma feminina é moito máis frecuente cá masculina.

11. «MAIOR: Nome que tal vez proceda dunha advocación da Virxe: a da basílica de Santa María a Maior de Roma (“Santa Maria Maggiore”)» (Ferro 1992: 345). Para máis información sobre os restantes nomes, véxase Ferro 1992 e Rivas 1991.

12. Levaba este nome unha mártir de principios do século iv. Aínda que o antropónimo foi relativamente común durante toda a Idade Media, o aumento na súa frecuencia foi sobre todo consecuencia da repercusión da obra dantesca; véxase Ferro (1992: 158).

13. Rivas remite *Macia* a *Matbias* (Rivas 1991: 660; 224).

manuel / Manuel, Erodes / Herodes, Eva, Gabriel, Jesu, Jesse, Joban / Jobane, Joaquin, Joseph, Judas Macabeus / Macabeus Judas, Lazaro, Lucas, Madalena / Madalena Maria, Manuel / Manuhel, Maria, Maria Salome, Marcos, Mateos, Misael / Misbael, Moysen, Nero, Pedro, Ruben¹⁴, rei Salamon, Serapbin, Simeon / Symeon / Simon, Tomas, Ysaya / Ysayas. Con carácter moi esporádico, este tipo de referencias documéntase tamén no cancionero profano: *Adan, Eva, Iesu Cristo / Ihesu Cristo / Jesu Cristo / Rei Judeorum, Jesu Nazarêo e Judas.*

Dentro desta categoría, e en referencia aos propios personaxes bíblicos, aínda poderíamos engadir os nomes de *Locifer, Datán* e *Abiram*. Os dous últimos son mencionados con frecuencia nas fórmulas de imprecación dos documentos notariais da Idade Media¹⁵; no noso *corpus* figuran unicamente unha vez nas *Cantigas de Santa María*:

Os pecadores todos loarán
[*Santa Maria, ca dereit' y an*]
Ena loar, e dereito será;
ca muito ben nos fez senpr'e fará,
e se non foss'ela, foramos ja
todos con Abiran e con Datan (Mettmann 1981: I, 749)

1.2. Haxiónimos

Dentro da categoría de nomes relacionados co cristianismo, observamos unha elevada proporción de haxiónimos, pois representan case o 10, 25% da totalidade. Como sería de esperar, están documentados maioritariamente nas *Cantigas de Santa María*. Neste cancionero comprobamos que certos nomes de santos se repiten, ás veces con modificacións salientables; sirvan como exemplos *San Basilio / San Basillo / San Basilo; San Denis / San Dinis; San James de Conpostela / San Jame / Santiago; San Martin / San Martinho; Sant'Agostin / Sant'Agost'yo; San Joban / San Yoan / San Yoane*. A listaxe de santos mencionados na obra de Afonso X complétase con *Sant'Aliffonssu /*

14. «Ruben: 411.33 Ruben e Symeon. *Segundo os Apócrifos, dois sacerdotes do tempo dos pais da Virgen*» (Mettmann 1981: II, 696).

15. Datán e Abiram eran dous personaxes bíblicos que desobedeceron as leis divinas promulgadas por Moisés. Como castigo, «A terra abriu a súa boca e enguliuos a eles e ás súas familias, toda a xente de Coré e toda a súa facenda. Descenderon, pois, vivos á morada dos mortos, eles e tódolos seus; a terra pechouse sobre eles, e desapareceron do medio da comunidade. Tódolos israelitas que estaban arredor deles fuxiron ante os seus berros, pois dicían: «¡Non sexa que nos engula a terra!» (Núm 16, 32-35).

Sant'Alifonso, Sant'Andreu, Sant'Angeo, San Bêeito, San Bonifaz, San Clemente, San / Santo Domingo, San Fiiz, San Gabriel, San German, Santa Lochaç[al], San Luchas, San Maatheus / San Mateus, San Marçal, San Marcos, Santa Maria, San Mercurio / San Mercurio, San Miguel, San Nicolas, San Pedro, San Quirez, San Salvador, Santa Soffia, San Symeon, Santo Thomas / Santo Tomas e San Vitor. De entre os haxiónimos localizados nas *Cantigas de Santa María* destacaremos o nome de *San Joan Boca d'Ouro*, pois raramente se documenta un nome de santo complementado cun sobrenome de lexical.

Esta tipoloxía preséntase tamén no interior das cantigas profanas con relativa frecuencia, sobre todo nas *cantigas de amigo*; aquí, moitos dos haxiónimos son mencionados porque se está a render devoción no lugar de culto a un santo ou en romarías. Como casos exemplificativos sirvan *Santa / Sancta Maria* (haxiónimo que acada a cota máis alta), *Santa Cecilia, San Clemenço / Clement[e], San Leuter, San Salvador, Santiago, San Servando e San Treeçon*¹⁶, tirados das *cantigas de amigo*; aínda se pode ampliar a lista cos nomes de *Sam Marçal, Santa Ovaia, San Joam / San Joan, San Juyao, San Marcos, San Martinho, San Pedro e San Vicent[e]*, incluídos en *cantigas de escarnio e cantigas de amor*. É singular a presenza de *Sampalo* nunha cantiga escarnina de Afonso Lopez de Baian, que segundo as indicacións do profesor Lapa, é «popularización de *Sam Paulo*» (Lapa 1995³: 56).

2. NOMES DE ORIXE XERMÁNICA

Por suposto, existen outras e diversas fontes onomásticas; así, acadan unha alta proporción os nomes de orixe xermánica. Aquí, encabezan a lista *Afonso / Alfonso e Fernando / Fernan*, sumándose a estes unha serie de antropónimos de uso reiterado: *Ansur, Alvar / Alvaro, Anrique, Arnaldo, Bernaldo / Bernal / Bernald / Bernalt, Franco, Gaston, Gueda, Guilhelm[e], Gomiz, Gonçalvo / Gonçalo, Lois, Meendo, Recessiundo, Reimondo / Reimund / Reymon, Rodrigo, Roi / Rui, Sison*¹⁷ e *Siagri*¹⁸. Como era de espe-

16. «Santo venerado outrora na cidade de Tuy (Galiza) [...] o nome do santo tinha igualmente estas formas *Terson, Trason e Terason*» (Nunes 1973: 69).

17. Está formado a partir da raíz *sis- do alto alemán *sisu*, 'canto fúnebre', 'maxia' (Piel / Kremer 1976: 246).

18. Asíciase con *SISBERTUS* segundo Mettman (1981: II, 246), e polo tanto *Siagri* relacionárase coa raíz *sis- comentada na nota anterior. Nunes (1936: 158), por outra parte, indica que é un antropónimo masculino de orixe xermánica «que se interpreta por *príncipe de vitória*» e Machado considera que o étimo é *SYAGRIO*, polo que a orixe sería latina (DOELP, s.v.).

rar, os nomes femininos son menos variados e numericamente inferiores nas súas ocorrencias; destacaremos entre estes: *Biringela*, *Toda*¹⁹, *Guiamar*, *Guiomar*, *Gondrode*, *Leonor*, *Ouroana*²⁰, *Ousenda* e *Elvira*, a famosa dona dos cancioneros profanos²¹.

3. NOMES DE ORIXE ÁRABE

Documéntanse, sobre todo nas *CSM*, antropónimos de orixe árabe. Re-presentan unha pequena proporción (aproximadamente o 1,2%) e son todos nomes masculinos, con excepción da alusión á Virxe baixo a forma arábica *Mariame* (Mettman 1981: II, 615). Algúns fan referencia a individuos historicamente documentados (parecen adaptarse á lingua romance cando son transcritos nas cantigas), ou ben a personaxes relacionados coa relixión; sirvan como exemplo *Aben Mafon* (Ibn Mahfūh, equivalente a 'rei de néboa', que gobernou na zona do Algarve c. 1252), *Aboyuā f/ Aboyuef* (Abū Yūsuf Ya'qūb, sultán de Marrocos, 1258-1286), *don Alis* e *maestr'Ali* (baixo esta última forma, nas *CSM* e na lírica profana), *Almanor* (Al-Mansūr bi-l-Ilah, líder militar), *Arrendaffe* (almirante de exército), *Bondoudar* (az-Zāhir Ruknaddīn Baībars al-Bundukdāri, sultán de Exipto e Siria, 1260-1277). Por outra parte, hai referencias ao pai de Mahoma, *Abdalla*, e tamén ao propio profeta, nomeado baixo as variantes *Mafomat*, *Mafomet*, *Mafomete* e *Mofomete* (Mettmann 1981: II).

Nas cantigas profanas, ademais de contemplarse os nomes *Almanor* e *meestr'Ali*, recóllense tamén os alcumes *Albardar* e *Xacaffe* (Pereira 2003: 367-369).

4. NOMES METALITERARIOS

Os nomes de orixe literaria non son numerosos (non chegan ao 0,3% da totalidade) e a maioría proceden da materia artúrica. No noso *corpus* apare-

19. A partir do nome xermánico TOTA / TUDIA, de raíz TEUT / TEUD. «Toda aún conserva en los últimos siglos de la Edad Media cierta vigencia en Asturias, con un notable porcentaje de frecuencia máximo de 2,38% en la década de 1400-1410, como nombre de seis personas diferentes sobre un total de doscientas cincuenta y dos mujeres, aunque no parece haber tenido continuidad en épocas posteriores» (Viejo 1998: 527).

20. *Ouroana* podería verse relacionado con *Auroana* e *Oriana*, nome da personaxe feminina na historia do *Amadís de Gaula*.

21. Sobre o xogo que ofrece este nome como aparición encuberta (*el vira / Elvira*), véxase Martínez Pereiro (1999: 75-110).

cen unicamente como referencias metaliterarias, isto é, figuran para aludir aos propios personaxes literarios, sen se documentaren como prenomes asignados a individuos reais, algo que, segundo parece confirmar outro tipo de documentación, non sucedería ata ben chegado a fin do século xv ou principios do xvi:

Non atopamos na Idade Media persoas chamadas coma o rei Artur, si as hai que portan nomes dos seus cabaleiros: por exemplo, de *Galván*, o modelo do cabaleiro cortés, sobriño predilecto do rei, que é o segundo nome de varios personaxes eclesiásticos de finais do xiii e mediados do xiv en Tui, A Limia e Lugo respectivamente. O propio *Lanzarote* dá nome a varios personaxes ourensáns do xv e o xvi. Tamén hai testemuños de *Galaz*, o cabaleiro celeste, fillo de Lanzarote [...] o primeiro deles é de finais do xv (1487), e o segundo, de mediados do xvi (Boullón 1998: 874).

Temos referencias a *Don [L]anç rot*, *Rainha Geneva*, *Merlin*, o *Breton Artur*, o *Rei Brutus / Britus*, o poboador de Bretaña²², e o *Rei Peles* (pai da muller que se interpuxo entre Lanzarote e Xenebra)²³. Figuran os nomes dos dous amantes desgraciados: *Tristán* ou *Don Tristam o Namorado*, e *Iseu* ou a *rainha Iseu de Cornoalba*; dous personaxes que son propostos como exemplo de amor apaixonado. Relacionados tematicamente a estes últimos, nos *lais* fábase de *Maraot de Irlanda* (tamén *Maroot* e *Marot*; quen, en calidade de embaixador do rei de Irlanda, foi enviado a Cornualla para cobrar o tributo anual, e alí morreu a mans de Tristán) e de *Elis o Baq* (duque de Saxonia, que compuxo un *lai* para cantar o seu amor por Iseo).

A pesar de se referiren estes nomes aos propios protagonistas das lendas, teñen a súa importancia desde o punto de vista literario: as alusións evidencian a presenza da materia artúrica en Galicia no século xiii. Ademais, a proporción que acadan en relación con outras referencias metaliterarias fai pensar que a materia de Bretaña era o tema preferido polos intelectuais da época fronte a outros ciclos narrativos, como podía ser o carolinxio (*Rrol-dam*, nunha cantiga de Johan Baveca) ou o da materia clásica (*Paris*, como exemplo de amante desolado) (Gutiérrez / Lorenzo Gradín 2001: 57).

22. «A alusión a Bruto como poboador da illa de Bretaña non ofrece controversia ningunha, xa que é un dato amplamente difundido na tradición historiográfica dende antes da composición da *Historia Regum Britanniae* e que pasou a numerosos romans artúricos, entre eles o *Lancerot prope* e o *Tristan en prose*» (Gutiérrez / Lorenzo Gradín 2001: 81).

23. «A filla do rei Pelles, que andaba namorada do cabaleiro, deitouse con el facéndolle crer que era Xenebra. Cando ó día seguinte a raíña se entera de tal feito, repudia a Lanzarote e este perde o sentido e abandona a corte» (Gutiérrez / Lorenzo Gradín 2001: 107).

As restantes referencias metaliterarias están pensadas para ofrecer un paradigma de amante sufridor (así é citado *Paris*) ou un modelo de parella de amantes (como pode ser o caso de *Flores* e *Blancaflor*²⁴, presentes nunha *cantiga de amor* de Don Dinis e noutra de *amigo* de Johan Garcia de Guilhade).

5. PATRONÍMICOS


Ao carón destes elementos constitutivos das cadeas onomásticas, sinalaremos a presenza de apelidos que son expresión da filiación. Nun principio os procedementos utilizados eran basicamente tres: o xenitivo, a fórmula *proles / filius* ou o sufixo patronímico. Non se sucederon uns métodos a outros cronoloxicamente, senón que durante un tempo coexistiron, ata que definitivamente o patronímico desprazou aos outros dous (Boullón 1995: 453).

No noso *corpus*, o sistema por sufixación é o mellor documentado (aínda que tamén é moi frecuente a adhesión do nome paterno sen a desinencia patronímica). Como excepción a este procedemento rexistramos *Diaz* (un apelido relativamente frecuente no conxunto analizado) que non presenta un sufixo patronímico, senón que é resultado da evolución fonética normal do xenitivo: DIDACI > Diaci > Diaz (Boullón 1995: 456; 462).

Como dicimos, o modelo para expresar a filiación con maior peso no noso *corpus* é o formado a partir do nome do pai e o sufixo patronímico engadido. As formas sufixais que ocorren con máis frecuencia son *-ez / -iz*, mentres que os alomorfos *-es* e *-is* presentan un índice de aparición notablemente inferior, sobre todo o último. Por outra parte, o nivel de vacilación é elevado; os datos que a continuación se expoñen deben verse tan só como aproximativos, debido ás condicións de traballo das que partimos²⁵:

24. «A grandes rasgos la historia de Flores y Blancaflor narra las aventuras de dos jóvenes, hijo él, Flores, de un rey moro y ella de una noble cautiva cristiana. Nacen ambos el mismo día y crecen juntos hasta que, viendo el padre de Flores su amor y considerando que ese matrimonio no es el adecuado para su hijo, los separa, pero como el amor persiste vende a Blancaflor como esclava y ésta va a parar al harén del rey de Babilonia. Flores marcha en su busca, se gana la amistad del guardián del harén y, escondido en un cuévano de flores, entra en la torre donde están custodiadas las doncellas. Descubiertos los amantes por el rey, éste quiere matarlos pero al final les concede el perdón. Felices y casados los jóvenes vuelven al reino de Flores y se convierten ellos y todos sus súbditos al cristianismo» (Baranda 1991: 21).

25. Recordaremos aquí que non consultamos directamente os manuscritos senón que adoptamos a selección editorial incorporada a TMLG; isto implica aceptar diferentes editores con disparidade de criterios entre eles e, polo tanto, o resultado estará condicionado en calquera análise lingüística que queira realizarse.



O sufixo máis frecuente é *-ez*, seguido de *-iz* e de *-es*; moi afastados destes resultados están os alomorfos *-is* e *-az*.

A terminación *-ez* é máis moderna ca *-iz* e «sería, como se sabe, a que acabaría triunfando en todo o ámbito hispánico» (Boullón 1995: 467); o seu uso progresivo fixo diminuír o emprego de *-iz* durante o século XII, quedando desprazado por completo nos inicios do XIII (Boullón 1995: 467). Por un lado, hai patronímicos que se rexistran unicamente con *-ez*: *Alvitez*, *Fafez*, *Perez*, *Paez*, *Ordonbez* e *Nunez*; comprobamos que *-ez* é a forma preferida nalgúns dos patronímicos que documentan vacilacións na terminación, tal como *Vasquez* ou *Vaasquez* / *Vaasquíz*, *Gonç lvez*, *Telez*, *Lopez* / *Lopiz*, e *Soarez*. Sucede ao contrario en *Rodriguez* e *Fernandez*, pois estes teñen unha presenza inferior a *Rodriguiz* e *Fernandiz*, con alomorfo *-iz*. Con el tamén se documentan *Dominguiz* e *Meendiz*.

Por outra parte, a forma *-es* do sufixo rexístrase nos apelidos *Afonse*, *Alvares*, *Fernandes*, *Rodrigues*, *Soares*, *Teles* e *Vaasques*. En *Anes* / *Ianes* / *Joanes* / *Eanes*, a terminación é etimolóxica, pois procede de JOHANNES. De todos os alomorfos sufixais os de menor transcendencia son *-is* e *-az*, pois só están presentes en *Gonçalvis* e *Veaz*.

A lista de apelidos incrementábase con aqueles que coinciden formalmente co nome de pía, isto é, por razóns diversas nunca chegaron a portar sufixo. Como xa anunciamos, figuran amplamente representados nos textos: *Afonso* (en coexistencia cun insólito *Afonse*), *Airas* / *Aires*, *Bonifaz*, *Doming'*, *García*, *Gil*, *Joanes*, *Lourenço*, *Marcos*, *Mateu*, *Nicolas*, *Servando* e *Simbon*. Tamén podemos engadir *Balteira*, feminización do nome de orixe xermánica *Balteiro* (Piel / Kremer 1976: 371).

6. SOBRENOMES DELEXICAIS

Os nomes de orixe delexical están claramente diferenciados dos anteriores, pois a imaxinación popular será a responsable da súa atribución e de facer do léxico unha das fontes principais da onomástica. A súa orixe reside nun elemento do léxico común en función apelativa (esta aposición inicial pode responder a múltiples e variadas causas) que, tras a deslexicalización, dá lugar a unha unidade onomástica con valor denotativo. Por causa desta procedencia constitúen un conxunto caracterizado pola súa heteroxeneidade.

Certamente, o alcume xorde coa finalidade de individualizar e identificar unha persoa, pero existe a posibilidade de que se transmita de pais a fillos, tras a súa fixación, como se dun apelido hereditario se tratase. E non só iso, senón que, ás veces, pode ultrapasar o terreo do individual ata o colectivo, chegando a designar, por exemplo, os membros dunha mesma familia; este é o caso do sobrenome delexical *Zevroes*, aplicado aos infanzóns de Lemos en varias cantigas de Lopo Liáns²⁶.

Por outra parte, estes alcuños poden estar como únicos elementos na referencia, ou ben poden figurar dentro dun complexo onomástico, isto é, presentárense inmediatamente despois do nome de pía ou do conxunto formado por un nome e un sobrenome. En función da súa posición no interior da cadea, observamos que: son elementos únicos en case 50 rexistros (aproximadamente 6,5%), noutros 90 casos (11,5%), figuran precedidos dun nome de pía mentres que, en 4 ocasións (0,5%), están a continuación do conxunto formado por nome e patronímico (*Sancha Perez Leve*, *Pero Diaz Sortelha*, *Airas Moniz o Zevron*, *Fernan Roiz Corpo Delgado*). Só nunha ocasión o localizamos situado entre o nome de pía e un sobrenome con orixe nun topónimo (*Pero Velho de Taveiros*).

O normal é que estes sobrenomes aparezan unidos aos demais elementos da cadea onomástica directamente, pero isto non implica que sexan inexistentes fórmulas vinculantes entre o nome e o sobrenome; así, atopamos expresións do tipo: “a judia de sa vila que avia nome Dona”, “ã do[n]zela [...] que avia nome Codorniz e o porteiro avia nome Fiiz”, “ũ peon que avia nome Vela”, “ũ jograr que chamavan jograr Saco”, “un escudeiro [...] e dizian-lhi Albardar”, “Joan Martiz por sobrenome Bodalho”, ou “Moor Martiiz por sobrenome Camela”.

Normalmente é complicado coñecer con exactitude as razóns polas que os sobrenomes delexicais foron aplicados a cada persoa, malia teren orixe nunha característica distintiva do portador. A asignación dun alcume puido

26. Para a explicación do termo, véxase a nota 37.

ter motivo tanto no aspecto externo da persoa (trazos anatómicos, eivas físicas...), como en particularidades intelectuais, éticas ou propias do carácter; tamén puido ser adxudicado para facer alusión a comportamentos peculiares, a detalles biográficos ou, incluso, a factores diferenciadores de tipo social, que identificarían un individuo nunha comunidade (Viejo 1998: 171). Viejo fala da alternancia entre a «referencia directa originaria», mediante a cal a característica pretendía subliñarse, e a «referencia indirecta u oblicua»,

[...] que responde a distintos mecanismos semánticos, de complexo análisis, que, en última instancia pudieran reducirse a dos: la metáfora y la metonimia. Estos tipos de referencias indirectas, como se verá, ponen en juego dentro de la onomástica personal un amplio caudal léxico que, al margen de aludir en última instancia a los mismos rasgos caracterizadores mencionados en la primera clasificación y objeto de referencia directa, procede frecuentemente, mediante comparaciones, elipsis, hipérbolos, de campos referenciales muy dispares: nombres de animales, plantas, objetos, materiales, partes del cuerpo, etc. (Viejo 1998: 171).

Así pois, xa que os alcumes xorden do léxico, e aínda que non sexan obvias as razóns que orixinaron a súa aplicación, é posible agrupalos en función do campo semántico ao que pertencen e distinguir varios grupos.

6.1. *Alcumes sociais*

Neste grupo acolleríanse os nomes que refiren ao grao xerárquico do individuo na escala estamental, ao cargo desenvolvido dentro dun ámbito ou dun colectivo social e ao exercicio dun oficio ou a calquera outra actividade de tipo económico.

Localizamos no *corpus* un *Soldan* (sultán), o título nobiliario *Conde*, e outras designacións de carácter social como *Dona*, *Padrã*, *Burgues* ('habitante dun burgo', co sentido tanto de 'barrio' como de 'cidade') ou *Jograr* (actividade que sería só desenvolvida por unha persoa non pertencente á nobreza: "ũ jograr que chamavan Jograr Saco").

Rexistramos dous alcuños relacionados a oficios de tipo manual: *Ferreira* e *Marinbo*. Por outra parte, o termo *Coteife* aparece vinculado ao ámbito bélico co significado de 'soldado inferior' ou 'cabaleiro vilán' (Lapa 1995³: 312). No eido relixioso documentamos os termos *Romeu* ('aquele que peregrinou a Roma') e *Santo*.

Dentro dun espazo social máis privado, o correspondente ao universo familiar, dous individuos cun mesmo nome de pía podían ser inicialmente identificados mediante a orde de nacemento co uso de adxectivación, e de aí que atopemos un sobrenome como *Velbo* ("Pero Velho"). Próximo a esta

categoría, rexistramos o nome *Anaia*, procedente do vasco ‘irmán do home’ ou en xeral ‘irmán’, aínda que na Idade Media chegou a significar ‘señor’ (Ferro 1992: 124; Rivas 1991: 100).

Engadiremos no repertorio de alcumes sociais, por último, os masculinos *Abri!*²⁷ e *don Foão* (‘fulano’), aínda que seguramente este non funcionase en todos os casos como un identificador, senón máis ben como un encubridor do nome propio.

6.2. Alcumes por características físicas

Este subgrupo está conformado por unha serie de nomes baseados nos trazos físicos característicos do individuo; poden incidir en aspectos moi xe-ras, como a figura ou as dimensións, na cor da pel ou os cabelos, ou ben poden destacar detalles específicos da anatomía.

No *corpus* co que traballamos existen alcumes que describen características da figura corporal, como *Corpo Delgado*, *Genta*, ‘louzá’ (Rivas 1991: 430), *Louço* ‘elegante’, ‘louzán’ (Rivas 1991: 465), *Sarmento*, ‘delgado’ ou ‘es-velto’, *Toso*²⁸ e *Vivas*²⁹. En referencia á enfermidade sufrida polo individuo rexistramos o sobrenome deadxectivo *Tinboso*.

O alcume puido asignarse metonimicamente, coa finalidade de destacar unha característica anatómica localizada nunha parte concreta do corpo humano, sobre todo para facer fincapé en particularidades relativas ao tamaño ou á forma. No noso *corpus* atopamos *Caralbote*, un alcume atribuído ironicamente, que parece remitir ao universo artúrico tanto polo sufixo *-ote* (pa-rello á terminación de *Lanzarote*), como polo argumento da *cantiga de es-carnio* de Martín Soarez na que se localiza³⁰:

27.-É posíbel que algúns apelidos que ha, iguais a nomes de meses, indiquen épocas de naci-mento, ou outras notaveis na vida dos respectivos individuos [...] havia na Idade-Média *Abri!* como nome propio e como sobrenome, hoje é puro apelido» (Leite de Vasconcelos 1928: 182).

28. *Esta tenç n fez Joan Airas de Santiago a un que avia nome Rui Toso ta nton, e se pos nome Rui Martiiz* (17, V642); «[...] Admitindo a seguir que *Toso* é apelido (do lat. *tonsus*), o problema concéntrase na resolución da forma *tātō*, que Bertolucci mantén sen solución, aínda que propón en nota unha lectura que acha pouco convincente, “e anton”. J. L. Rodríguez (1980), dando por feito a existencia dunha confusión entre os grafemas *t* e *c*, interpreta a forma *canton* como unha contracción entre *ca* e *nton*, e debe portanto realizar a integración *ell*. Neste sentido, sen cambiar a letra do códice nen facer integración ningunha, é posíbel considerar unha contracción de *ta* e *nton*. A forma preposicional *ta* convive nesta altura con *ate*, *ata*, *atee*, *atees*, *ataas*, *te*, etc.» (Lagares 2000: 121).

29.-Debe ser un nome máis dos que xurdiron coa mística da vida cristián, coa semántica de *VITA*, *VIVERE*, *VIVAX-ACIS* ‘de longa vida, vizoso’ (Rivas 1991: 302).

30. A *cantiga ùa donzela jaz preto d’aquí* xira arredor do termo burlesco *Caralbote*, interpretado de formas diversas pero sempre dentro dos límites da materia de Bretaña. Gutiérrez e Lorenzo Gradín (2001: 58-65) apoian que o sufixo *-ote* actúa no alcume con fins cómicos, mais inspirán-

[].. una composición a un clérigo, que mantenía relaciones sexuales con su hermana, al que significativa e irónicamente denomina *Caralbote*, *Don Caralbote*, con la más que probable finalidad de permitir una doble lectura. En la primera, *Caralbote* sería el apodo que el trovador habría puesto al clérigo, tal vez para resaltar sus atributos, mientras que, en la segunda, aludiría al miembro viril, de manera que el motivo de su alegría sería otro muy diferente al de la presencia del clérigo» (Montero 1996: 314).

O adxectivo que serviu para alcumar a *Maria Crespa* pon en evidencia que esta muller tiña cabelos rizados (Rivas 1991: 414). En alusión á cor do cabelo ou da pel distínguense, normalmente, alcumes que proceden de nomes de cores: *Alvela*, *Alvelo*, *Gris*, *Negro* e *Jardo* ('pardo', 'vermello').

Mais, segundo nos explica F. Nodar, «muchos de los sustantivos onomásticos de las cantigas de escarnio son meras denotaciones genitales. Un claro ejemplo de ello es María Negra» (Nodar 1989: 451).

Maria Negra vi eu en outro dia,
 hir rabialçada per hunha carreyra,
 e preguntey a como hya senlheyra,
 e por aqueste nome que avya,
 e disse-m'ela'nton: ey nom'assy
 por aqueste sinal con que naci,
 que trago negro come unha caldeyra.
 []..
 este sinal, se Deus mi perdon!
 é negro ben come hun carvon,
 e cabeludo aderredor da caldeira.
 (125, 21; vv. 1-7, 12-14)

A lectura da composición³¹ pode aproximarnos a esta interpretación, sempre que teñamos en conta a dobre intención nos sentidos de certas expresións, por exemplo, *negro come unha caldeyra*, *negro ben come hun carvon* e *cabeludo aderredor da caldeira*; así pois, a cor negra dese "sinal" de María élle aplicado a ela como sobrenome.

dose no nome de Lanzarote, a partir das aventuras relatadas no *Lancelot en prose*, pois son apreciables os paralelismos, aínda que na *cantiga de escarnio* haxa unha inversión paródica dos valores amorosos.

31. As cantigas que reproducimos seguen a edición recollida en Brea 1996; por outra parte, a numeración que se presenta corresponde á seguida nesta obra.

6.3. Alcumes aplicados por calidades morais ou psicolóxicas

Son sobrenomes frecuentes e refírense a aspectos psicolóxicos ou morais ben diversos. Así, por exemplo, remiten á intelixencia *Agudo* e *Queimado*, ao raciocinio *Sen*, á afabilidade e sociabilidade os nomes *Amigo*, *Bõo*³², *Bonomic*, mentres que *de Gran Prez*, pode indicar que o seu portador era unha persoa con valor.

Por outra parte, con connotacións irónicas ou negativas rexistramos *Soydade*, *Baveca* ‘parvo’ (Rivas 1991: 393), *Pachacho* e *Pacheco* ‘lento’ ou ‘pachorrento’³³. Mantemos dúbidas de poder incorporar a este grupo o seguinte par de formas: *Sortelha* (de SORTICULA, diminutivo de SORS, SORTIS), que funcionaría aquí a modo de sufixo depreciativo co significado de ‘desgraciado’, ‘desafortunado’; e *Grougelete*, que Rivas transcribe como *Grougalete*, e do que indica: «Sobrenome escuro; a forma é dim., quizais equivalenza de *Groubalete* dim. de *groubo* (provenzal) ‘caracocha de arbore, home aparvado’, con *graubio* ‘carballo’ e o ap. *Grauby*» (Rivas 1991: 432).

Denuncian actitudes ou comportamentos sexuais os alcumes *Fendudo*³⁴ e *Furado*³⁵; dedúcese facilmente a súa referencia á homosexualidade polo contexto no que se insiren.

Rexístrase *Leve* aplicado a dúas mulleres. O valor deste alcuño podería ser o de ‘parva’, ‘muller de escaso xuízo’ (Lapa 1995³: 338), aínda que o contexto permite defender a idea de que aquí teña outro significado: o de ‘muller fácil de seducir’, debido precisamente aos costumes sexuais destas dúas donas, soldadeiras de profesión. Estas alusións localízanse en catro composicións satíricas de Johan Vasquiz de Talaveira dedicadas a *María Leve* (que Ventura 1995: 481 fai corresponder con María Pérez Balteira) e a *Sancha Perez Leve* (segundo Lapa, discípula da anterior; poderíamos supor que o alcuime funciona aquí como elemento clave, que pon en relación estas dúas mulleres, pois a *manceba* aparece nomeada co mesmo alcuime); reproducimos a cantiga *Sancha Perez Leve, vós ben parecedes* (81, 19) e, parcialmente, o texto *Direi-vos ora que oi dizer* (81,4):

32. *Bõo* podería estar aplicado por exercer esa persoa o cargo de procurador: «El estado ciudadano participaba en las reuniones de las Cortes de Castilla por medio de representantes que desde el año 1255 fueron llamados «procuradores», pero en ocasiones, antes y después de esta fecha, también «personeros» y «hombres buenos» (García de Valdeavellano 1998: 474).

33. Rivas relaciona *Pachacho* e *Pacheco* con *Pacho*, no que sinala unha orixe expresiva e onomatopeica (Rivas 1991: 448).

34. «Bernal Fendudo, quero-vos dizer / o que façades, pois vos queren dar / armas e «dona salvage» chamar» (67,7; vv. 1-7).

35. «Comprar quer'eu, Fernan Furado, muu / que vi andar muy gordo no mercado: / mais trage ja o alvaraz ficado, / Fernan Furado, no olho do cuu; / e anda ben pero que fere d'unha, / e di-ze[n]-me que traje hua espunha / Fernan Furado no olho do cuu» (17,2; vv. 1-7).

Sancha Perez Leve, vós ben pareceades
 e pero eu sei que mi vos mal queredes:
non xi m' obrida o amor de Maria.
 Bon doair' avedes e manso falades
 e pero eu sei que me vós desamades:
non xi m' obrida o amor de Maria. (81,19)

Direi-vos ora que oí dizer
 de Maria Leve, assi aja ben,
 pola manceba, que se desaven
 dela; e, pois lh' ali non quer viver,
ena Moeda Velha vai morar
Dona Maria Leve, a seu pesar. (81,4; vv. 1-6)

Debemos deternos nunha cantiga de escarnio de Johan Soares Coelho dedicada á soldadeira *Maria do Grave*, pois nela ofrécese unha explicación dos motivos polos que leva este sobrenome. En realidade, o trovador xoga co termo *grave* ao longo de toda a composición para satirizar, con comicidade e ironía, o comportamento sexual desta muller. O alcume podería contemplar diferentes sentidos pero, segundo o contexto, a razón da atribución foi probablemente por ser interesada, pois o trovador denuncia con xocosidade o elevado prezo que se lle tiña que pagar a cambio de sexo; como nos explica Lapa (1995³: 233) «segundo os seus valores expresivos, que se resumem fundamentalmente a isto: «difícil» e «custosa», os quais se ajustavam bem à soldadeira, pois era custosa = cara, mas não difícil, como o autor declara ter já experimentado»:

Maria do Grave, grav' é de saber
 por que vos chaman Maria do Grave,
 cá vós non sodes grave de foder,
 e pero sodes de foder mui grave;
 e qu', en gran conhocença, dizer
 sen letrad'ou trovador seer,
 non pod'omen departir este "grave".

Mais eu sei ben trobar e ben leer
 e quer'assi departir este "grave"
 vós non sodes grav'en pedir aver,
 por vosso con', e vós sodes grave,
 a quen vos fode muito de foder;
 e por aquesto se dev' entender
 por que vos chaman Maria do Grave.

E pois vos assi departi este “grave”,
 tenhom-’end’ora por mais trobador;
 e ben vos juro, par Nostro Senhor,
 que nunca eu achei [molher] tan grave
 com’ é Maria e— já o provei—
 do Grave; nunca pois molher achei
 que a mi fosse de foder tan grave. (79,34)

6.4. *Alcumes que remiten a animais*

Este novo tipo de alcume é o resultado da aplicación metafórica, orixinada en características físicas do individuo ou en certo comportamento asimilable ao do animal en cuestión. No noso *corpus* atopamos alcumes derivados de animais domésticos, como *Bezerro*, *Bezerra*, *Bodalbo* e *Bodinbo* (ambos os dous derivados do nome do macho cabrío, *bode*), *Codorniz*, *Coelbo*, *Galinba*, *Galo*, *Gata*, *Gato*; outros relacionados con esta tipoloxía son *Coelbeiro* e *Cabreyra*.

Rexistramos, ademais, sobrenomes asociativos aos bechos silvestres ou ás bestas salvaxes, como *Aranba*, *Camela*, *Carriço*³⁶, *Esquyo*, *Lopo*, *Peixota*, *Sapo*, *Velpelbo*³⁷ (‘raposo’), *Vuitoron* (‘voitre’) e *Zevron*³⁸.

6.5. *Alcumes vinculados ao mundo vexetal*

Poucos son os nomes que podemos incluír neste campo: *Arruda*³⁹ alude a unha especie de herba; e, por outra parte, son sinalables como produtos

36. «O *carrizo* é herba dura e carrapotosa, do lat. serodio *CARRICEU, lat. vg. CARICEUS, lat. CAREXICIS ‘id’. Tamén se pode referirse ó paxaro chamado *carriza*, pouco *carrizo*, o máis miúdo no Noroeste» (Rivas 1991: 406).

37. «La parodia pretende rebajar al ambiente rústico y rural la persona de Don Meendo, apodado *Velpelbo*, es decir, ‘zorro’. Además de los rasgos negativos que caracterizan a dicho animal, conviene recordar que, tanto el substantivo como su derivado verbal *goupillier*, son introducidos en varios cantares de gesta franceses con el significado de ‘mostrarse cobarde’, ‘huir como el zorro’, acepciones que, dado el carácter del texto, es más que probable que el trovador conociera» (Lorenzo Gradín 1994: 709).

38. «Zevrão, aumentativo disfémico de zevro = onagro, cavalo selvagem, conhecido por sua gran velocidade. Em sentido figurado, «homem grosseirão, bruto, impetuoso, asselvajado»; qualificativos estes bem ajustados aos infanções de Lemos, alvejados nas cantigas de D. Lopo Lias» (Lapa 1995³: 392).

39. «É o lat. RUTA ‘ruda’; no Marcellus Burdigalensis (Lat. Vg. 89) entre as herbas curativas aparece a *rutam*, polo ano 410» (Rivas 1991:389).

comestibles procedentes do mundo vexetal: *Albo*, *Cogominbo*⁴⁰ (cogombro pequeno) e *Pimentel*⁴¹.

6.6. *Alcumes con base no vestido*

Poden estar aplicados polo hábito de quen viste unha determinada prenda, posiblemente con finalidade cómica, ou tamén aludindo ao seu fabricante. A listaxe contempla unicamente os nomes *Chancon*, ‘zoco de madeira’ (Rivas 1991: 415-416) e *Barreto*, ‘parte da armadura destinada a cubrir a cabeza’ (Rivas 1991: 392).

6.7. *Alcumes relacionados con obxectos do portador*

No eido das cousas só é posible sinalar *Bolo*, *Cana*, *Saco* e *Soga*; ademais destes, rexistramos *Albardan* na lírica profana e *Albardar* nas CSM (“un escudeiro de pequeno logo, e dizian-lhi Albardar”). *Albardan* documéntase no s. XIII con varios valores: «albarda (‘sela grosseira’) de grande tamaño» ou «sela propia para cavalaria, com feito de albarda mais forrada de carneira (‘pele de carneiro’)»; de aquí, o verbo *albardar*: «aparellar (besta de carga) com albarda ou albardão (‘sela grosseira’), tamén se documenta co sentido figurado «vestir(-se) com roupa mal feita, ridícula ou de mau gosto; vestir(-se) mal» (Houaiss 2001: 137). Por outra parte, Corominas e Pascual (1980: I, 114) indican que o significado de *albardan* é ‘bufón’, procedente do hispanoárabe *bardân*, ‘home que di parvadas’ (rexistran a primeira documentación desta expresión a finais do século XIII).

6.8. *Alcumes a partir de actividades ou actos habituais*

No eido dos actos que, por habituais ou insólitos, levan a identificar unha persoa, podemos sinalar diversos alcumes rexistrados nas *cantigas de escarnio* con claras connotacións irónicas e satíricas. Así temos o caso de *Marinba Foça*, nome dunha soldadeira, derivado do *v. fozar*, ant. *foç r*, port.

40. Este, segundo Leite de Vasconcelos (1928: 262), podería ser un alcume atribuído por relación xeográfica, sen máis indicacións sobre o topónimo que a remisión ás *Leges Consuetudines*; mais a explicación etimolóxica que ofrece fai derivar este sobrenome do hipotético termo latino *CUCUMINUS, a partir de CUCUMIS (aínda que a palabra *cogombro* procede de *CUCUMERUS, de CUCUMER.

41. É unha forma dim., irónica, de *pimenta*, *pimento*, *pimentiro-a* ‘clase de pranta’, da que se fai o pemento ou pimentão, ás veces moi picante; ven do lat. *pigmentum* ‘color’, do *v. pingo-ere*, *pinctum* ‘pintar’ (Rivas 1991:456); por outra parte, a variante *-el* (do sufixo *-elo*) debe ser resultado de influencia estranxeira, probablemente galo-románica (Ferreiro 1997: 187).

fôçar ‘revolver co fociño, coma os porcos’, do lat. vg. **fodiare*, lat. *fodiere*, *fossus* ‘cavar’» (Rivas 1991: 424).

Mejouchi é outro alcume despectivo aplicado a unha soldadeira; segundo a explicación de Piel:

Estamos em presença de um nome frásico, que se traduz muito prosaicamente, á moderna, por *mijou-se*, ou não menos drasticamente, por *Marinha Mijona*, o que se concebe perfeitamente atendendo á intención satírica que por natureza caracteriza o género d’escarnho (Piel 1982: 219).

No caso de *Pero Cantone*, incluído nunha composición de Fernan Soarez de Quinhones na que con grande ironía denuncia os vicios deste personaxe, preséntase unha terminación con sufixo aumentativo *-on* (con claro valor apreciativo, despectivo, e que axuda na ridiculización do satirizado), seguido dun *-e* paragóxico (talvez con afán italianizante) mediante o cal establece relación con outros rimantes de terminación paragóxica: *Zorzelhone*, *tapone*, *sazone*, *Gordone*, *bençone* e *Leone* (Lapa 1995³: 103). Reproducimos a primeira cobra das cinco que conforman esta composición⁴²:

Ai, amor, amore de Pero Cantone,
que amor tan saboroso e sen tapone!
 Que amor tan viçoso e tan são,
 queno podesse teer até o verão!
 Mais valria que amor de Chorrichão
 nen de Martin Gonçalvez Zorzelhone.
Ai amor, amore de Pero Cantone,
que amor tan saboroso e sen tapone! (49,1; vv. 1-8).

Ademais dos sobrenomes deverbais sinalados, talvez poderían incluírse nesta categoría os derivados dos verbos *cheirar* e *chorar*; *Cheyra* (posible tamén como topónimo) está presente nunha cantiga de escarnio de Don Afonso Lopez de Baian (o sobrinho de *Cheyra* 6,9; v. 55). E *Chora*, en alusión a D. João Martins Chora, aparece no refrán dunha cantiga de Joan Soarez Somesso (Lapa 1995³: 164).

42. Nesta cobra son aludidos tres personaxes. João Dionísio (1995: II, 176) identifica Chorrichão con Gonçalo Fernandes, da terceira xeración dos Chorrichão, que casou tres veces: primeiro con dona Sancha Anes de Monte Negro, con quen tivo un fillo, despois con Rica Fernandez, coa que tivo dous fillos; e, por último, con Sancha Fernandez d’Orzelhom, coa que tivo doce fillos. As referencias parecen ser «emblemas do amor forte e fecundo, em oposição ao de Pero Canton».

7. SOBRENOMES DETOPONÍMICOS

Unha categoría importante dentro do conxunto da onomástica persoal é a dos sobrenomes orixinados a partir de nomes xeográficos. Haberá que distinguir dous tipos fundamentais: os xentilicios, e os topónimos aplicados para identificar un individuo en función da súa procedencia. Comprobamos que ocupan o segundo lugar na cadea onomástica, inmediatamente despois do nome de pía, ou no terceiro se van detrás dun patronímico.

Localizamos no *corpus* os seguintes sobrenomes derivados de xentilicios: *Galego*, *Nazarêo* e *Damaçeo* / *Damaceo* / *Damasceo* / *Damascen[o]*. Os sobrenomes a partir dos propios topónimos exercen a mesma función identificativa ca os xentilicios. Vemos que poden presentarse vinculados ou non ao nome de pía mediante preposición *de*. Segundo a súa distribución xeográfica, diferenciamos entre aqueles que se localizan na área galega (*d'Ambroa*, *d'Armea*, *de Bonaval*, *Bouçon*, *de Cheyra*⁴³, *de Compostela*, *de Meyra*, *de / da Ponte*, *de Santiago*, *de Talamancos*⁴⁴).. , na área portuguesa (ademais de *de Portugal*, rexistramos *Dade*, *da Maia*, *d'Avoín*, *de Baian*, *de Beja*, *de Breiteiros*, *de Calbeiros*, *de Gaia*, *da Guarda*, *de Guilbade*⁴⁵, *de Lixboa*, *de Montemoor o Novo*, *de Pavia*, *Sabugal*, *de Taveiros*, *de Valadares*...), topónimos fóra destas áreas pero dentro da península Ibérica (*d'Albuquerque*, *d'Aragón*, *de Castela*, *d'Espanha*, *de Gordone*⁴⁶, *de Leon*, *de Navarra*, *de Mont Aragón*, *do Vinhal*, *de Zorzelhone*⁴⁷; tal vez poidamos incluír aquí o sobrenome do trobador Martín *Moxa* ou *Moya*⁴⁸), e, por último, os topónimos extrapeninsulares (*Cornoalha*, *França*, *Irlanda*, *Marsella*).

43. Sinalado como topónimo miúdo na provincia da Coruña (Rivas 1991: 552); porén, A. Pereira (2003) clasifícao como alcume de procedencia latina derivado dun verbo, *cheirar*.

44. «Tamallancos (Roy de —, 1458, Our. (Vida, II, 434) Fernan Paez de Talamancos, nas Cántigas do séc. XIII (CV-941). Outros ven Talamancos; no séc. XV top. Tamallancos (Cortesão). Tamallancos está en Vilamarín, Our.» (Rivas 1991: 633).

45. Sobre o topónimo e antropolónimo *Guilbade*, véxase Lopes (2003: 47-84).

46. «Aparece o topónimo Gordone, cun **e** paragóxico pois todas as terminacións en -ón/ -or o levan, quizais por unha certa vontade de italianizar a cantiga a modo de burla. O único topónimo Gordón que atopei é o dun concello leonés, La Pola de Gordón» (Ventura 1995: 480).

47. «Zorzelhone. Talvez seja erro, por d'Orzelhone, sendo Orzelhon un topónimo» (Lapa 1995³: 103). Joaquim Ventura sinala que podería ser un topónimo astur-leonés, pois o autor da cantiga, Fernan Soarez de Quiñones era de orixe asturiana; en cambio, na aparición do topónimo nunha cantiga atribuída a Lopo Lians, J. Ventura indica que podería localizarse en Galicia, tanto pola orixe de Lopo Lians como da dos infanzóns de Lemos, satirizados na cantiga (Ventura 1995: 483). Rivas Quintas propón un xogo de palabras a partir de *Orzelhon* e *zorcir* ('reparar roupa rota'), e sitúao en Ourense (Rivas 1991: 476).

48. Para máis información sobre este sobrenome, a problemática das formas gráficas *Moxa* ou *Moya* e a súa localización, véxase Fernández Campo (1993: 438-440): «Quanto ao nome, nome, os únicos dados que posuímos são os fornecidos pelos textos e pelas rubricas dos apógrafos ita-

Por outra parte, é posible localizar unha serie de sobrenomes detopónímicos (*de Vilanansur, de Campos, de Carvoeiros, de Cizneiros, d'Estepar e de Lavradores*) que son empregados como referentes a un colectivo.

8. CONCLUSIÓNS

Durante o período central do Medioevo, esencialmente entre 1050 e 1150, orixinouse o sistema moderno de designación persoal en toda Europa, consistente no conxunto de prenome máis un sobrenome adoptado do nome do pai (o patronímico, que máis tarde será hereditario). Mais, sen dúbida, o nome medieval non estaba tan rixidamente establecido coma o de hoxe en día, como exemplifican dous cambios onomásticos explicados nas rúbricas dos cancioneiros profanos:

[...] ù vilão que foi alfaiate d/o bispo Don Domingos Jardo de Lixbõa, e avia nome Vicente Dominguiç; e depois pose-lbi nome o bispo Joan Fernandez

Esta tenõn fez Joan Airas de Santiago a un que avia nome Rui Toso ta'nton, e se pos nome Rui Martiiz

A pesar da evolución do sistema ao longo de toda a Idade Media, desde o nome único ao complexo onomástico como forma de identificación dunha persoa, na produción literaria apreciamos referencias completas e outras unicamente parciais. En boa medida, isto é debido ao contexto no que se inclúen: cantigas relixiosas ou profanas nas que entran en xogo diversos factores, como a rima, a métrica, os tópicos xenéricos, a parodia, a ironía... Son elementos ausentes nos textos oficiais, onde os nomes deben presentarse exactamente tal cal son para evitar problemas de identificación. Na literatura as alusións responden a unha realidade extraoficial, polo que non sempre é posible identificar perfectamente o individuo. Isto inflúe tamén na elevada proporción e diversidade de alcumes que rexistramos, os cales amosan unha parte do sistema antroponímico do século XIII contemplada nos textos oficiais dunha maneira moito máis limitada (un factor que, sen dúbida, reafirma a complementariedade entre uns documentos e outros no eido da onomástica persoal).

Por outra banda, a información onomástica que brindan as rúbricas explicativas é de grande interese. Como xa se explicou, estes pequenos textos en prosa teñen como función ofrecer datos adicionais: proporcionar detalles sobre o contexto, o trobador ou a realización da obra, identificar a quen ou

lianos, e que no entanto são ambíguos, dado que aparecem indistintamente sob as formas *Moxa* ou *Moya*. Por outro lado, é identificado por Rivas (1991: 446) co topónimo catalán Moya. En Galicia existe o topónimo *Moia* en Navia de Suarna.

contra quen vai dirixida unha cantiga (o escarnio é o xénero máis favorecido por esta modalidade), e xustificar a inclusión da cantiga nos cancioneiros (Lagares 2000: 29). As ocorrencias onomásticas non sofren aquí as restricións que operan nas composicións ás que complementan, pois nas rúbricas a finalidade da referencia é, precisamente, a de identificar un individuo concreto entre o colectivo; daquela, as cadeas onomásticas se amosan máis completas, aparecen indicados os cambios onomásticos ou o feito de que alguén con certo nome sexa coñecido por un determinado alcume.

Por outra banda, na obra de Afonso X a maior parte dos rexistros corresponden a haxiónimos ou ben a diversos personaxes bíblicos; entre os históricos, amais dos membros da familia real (como poden ser *Affonso Santo*, o *Rei Don Fernando*, o propio *Afonso de Castela*), atopamos referencias a outros personaxes pertencentes ao círculo cortesán ou vinculados á vida relixiosa. En xeral, observando as cantigas narrativas comprobamos que o exordio serve para presentar os personaxes favorecidos ou castigados pola Virxe, que é sempre a verdadeira protagonista; isto comporta que a maior parte destas composicións traten o milagre dun devoto calquera,

[...] xa que non se especifica máis que o seu sexo (ás veces, unha idade aproximada), a profesión ou o status social: “hua dona”, “hua moller”, un ome”, “un monge”, “hua monja”, “un crerigo”, “un cavaleiro”, “un crishão”, “un judeo”, son os tipos máis comúns.

Outras, un número ben reducido, presentan suxeitos con nome propio —ás veces, protagonistas de lendas ben coñecidas,— o que lle concede certa *auctoritas* (Fidalgo 2002: 110-111).

Respecto ás cantigas profanas, o canon das *cantigas de amigo* e o *de amor* non favorece a presenza de rexistros onomásticos nelas, e de aí que a maior parte do material veña ofrecido polas *cantigas de escarnio e maldicir*, nas que a carnavalización, a parodia, a sátira e a denuncia concentran o seu esplendor. Por esta razón, cómpre aclarar que, se nos dous primeiros xéneros líricos a presenza dos elementos onomásticos foi limitada intencionadamente, nas composicións escarninas a ocorrencia dos nomes foi feita, en cambio, de forma consciente e calculada, permitíndolle aos trobadores e xogares xogar coa identificación e designación. Un claro exemplo disto é unha das cantigas de Afonso Sanchez, na que o poeta lle aplica a unha mesma muller diversos nomes: dona *Biringela* (segundo o étimo, ‘dona Virtuosa’) cando era aínda doncela e dona *Maria* (daquela, ‘dona Piadosa’) cando casou; máis tarde chamárona dona *Ousenda* (‘dona Ousada’), e dona *Gondrode* (‘dona Lasciva’), e un de Zamora chamouna dona *Gontinba* (‘dona Pequerrecha’) (Lanciani / Tavani 1995: 166-167):

Conhocedes a donzela
por que trobei, que avia
nome Dona Biringela?
Vedes camanha perfia
e cousa tan desguisada:
des que ora foi casada,
chaman-lhe Dona Maria.

D'al and'ora mais nojado,
se Deus me de mal defenda:
estand'ora asegurado
un, que maa morte prenda
e o Demo cedo tome,
quis-la chamar per seu nome
e chamou-lhe Dona Ousenda.

Pero se ten por fremosa
mais que s'ela, por Deus, pode,
pola Virgen gloriosa,
un ome que fede a bode
e cedo seja na forca,
estand'a cerrar-lhe a boca,
chamou-lhe Dona Gondrode.

E par Deus, o poderoso,
que fez esta senhor minha,
d'al and'ora mais nojoso:
do demo d'ũa meninha,
que aquel omen de Çamora,
u lhe quis chamar senhora,
chamou-lhe Dona Gontinha. (9,2)

É frecuente encontrar, nas composicións profanas, referencias directas a persoas reais; entre outros, destaca o colectivo das soldadeiras que «frecuentemente serviram de alvo às chufas dos trovadores e jograis galego-portugueses» (Lopes 1998²: 236), entre elas a famosa *Maria Balteira* (identificable coa *Maria Leve* das cantigas), e outras soldadeiras como: *Maria Aires*, *Maria do Grave*, *Maria Negra*, *Maria Mateu*, «e cada unha destas denominacións pode referirse a unha cortesá distinta ou designar, con diferentes apelativos, unha soa Maria» (Lanciani / Tavani 1995: 168); ao seu carón, están *Domíngas*

Eanes, Elvira Lopes, Luzia Sanchez, Maior Garcia, Maior Moniz, Orraca Lopes, Ouroama, e Marinba,

[...] que não sabemos até que ponto se poderá identificar com todas ou algumas das outras Marinhas que aquí surgen, *Marinha Mijouchi, Marinha Lopes, Marinha Sabugal, Marinha Crespa, Marinha Foça* sendo muito provável que pelo menos alguns destes nomes correspondam à mesma persoa— (Lopes 1998²: 238).

Ao carón destas, existen referencias a individuos doutros sectores sociais ou profesionais, que permiten rexistrar os nomes de criadas, alcaiotas e outras personaxes femininas (por exemplo, *Elvira Perez, Elvira Padrôa, Maria Doming[a], Maria Garcia, Marinba Caadoe, Mor da Cana, Sancha Anes*)... Hai alusións a relixiosos de diferentes niveis eclesiásticos (como *Domingo Caorinba* e *Martin Vaasquez*), membros da realeza (*Dona Beatrix, Don Anrique, Don Afonso, Don Fernando*)... , ricos-homes, infanzóns, cabaleiros e outros altos cargos (como *Airas Moniz, don Meendo de Candarei, Don Rodrigo* e *Codorniz*⁴⁹, *Lourenço Bouçon* , *Don Estevão, Roi Garcia, Don Fagundo*, o cabaleiro *Sueiro Bezerra* e o seu fillo *Roi Bezerra*, entre moitos nomes máis), médicos (por exemplo, *Meestre Nicolas* e *Maestr'Acenç*), homes de leis (como *Martin Fernandez, Albo* e *Joan Nicolas*), e xentes doutras profesións ou de inferior condición social (*Ansur Moniz, don Beeito, Bodalbo, Corral, João Bezerra, Pedr'Agudo*...). Finalmente, menciónase o nome dos propios trobadores en *escarnios* e *tensós* (*Afonso Sanchez, don Affonso Lopez de Baian, don Arnaldo, Joan Baveca, Lourenç Jogradar, Pero da Ponte, Pero d'Anbroa, Picandon, Sordel*...). Pénsese que para cada unha das categorías apuntamos unha serie de nomes que se continúa cun longo etcétera.

Porén, a nosa intención quedou satisfeita ao permitírsenos ofrecer unha breve panorámica da onomástica persoal na lírica medieval galego-portuguesa e, fundamentalmente, dar conta da súa riqueza e diversidade. Podemos ver, polo tanto, como os cancioneros que transmiten a nosa lírica medieval representan unha importante fonte para o estudo onomástico, máis cotiá e extraoficial que a ofrecida por textos xurídico-administrativos.

49. Dona María Rodríguez Codorniz, filla de D. Rodrigo Sanches, fillo bastardo de Sancho I (Lapa 1995³: 124).